

## FICHA TÉCNICA DO DESEÑO DA ACTIVIDADE DE AVALIACIÓN

### SATISFACCIÓN COAS PERSOAS TITULADAS Empregadores/as

| Referencia | Grupo de interese para avaliar (usuarias/os) | Aspecto para avaliar  | Responsable da actividade        |
|------------|--|---|----------------------------------|
| -          | Empregadores/as                              | Grao de satisfacción coa formación e desempeño laboral das persoas egresadas, | Equipos de dirección dos centros |

| Previsións temporais             |                                      | Metodoloxía de medición |   |
|----------------------------------|--------------------------------------|-------------------------|---|
| Período(s) de recollida de datos | Prazo de presentación dos resultados | Método de medición      | Técnica de recollida de datos             |
| Setembro                         | Novembro<br>setembro                 | Enquisa                 | Plataforma vía web (cuestionario on-line) |

#### Obxectivos da avaliación

Obter información relativa:

- ás necesidades e competencias requiridas polos empregadores/as,
- á adecuación das competencias adquiridas polas persoas egresadas no desempeño do seu traballo,
- á adecuación do plan de estudos e
- ás necesidades do eido laboral.

#### Recursos necesarios que se empregan

Recollida de datos (cuestionario):

Equipos de dirección dos centros: xestión e planificación.

Elaboración de informes:

Servizos Informáticos de Xestión (SEIX) - Aplicación informática (xestión dos informes)

#### Datos técnicos

- **Poboación**
  - Para cada centro da Universidade de Vigo, as organizacións empregadoras das persoas egresadas das súas titulacións.
- **Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)**  
Mostraxe por cotas.  
Selección realizada baseándose no tamaño da empresa e por sector de actividade.
- **Tamaño da mostra (no seu caso, número de persoas entrevistadas ou número de participantes e reunións)**  
5 empresas.
- **Técnica de grupo**  
-
- **Modelo de medición**  
Non determinado.

- **Metodoloxía para a recollida de datos**

Os cuestionarios póñense a disposición en formato electrónico.

O rexistro e recollida de datos (cumprimentación do cuestionario) realízase a través dunha plataforma informática, na ligazón <https://XXX.uvigo.es>.

A enquisa é anónima e confidencial, de xeito que a identificación mediante os datos de acceso a Secretaría virtual en ningún caso quedará asociada ás resposta emitidas ao encher o cuestionario.

- **Guión ou cuestionario**

A administración das preguntas realízase a través dun cuestionario de avaliación.

- Cuestionario de satisfacción dos empregadores cos egresados.

O cuestionario consta de 6 preguntas.

Escala de valoración:

Nas preguntas **cuantitativas**, escala numérica con 5 graos de valoración. A posición extrema inferior é o valor máis negativo (1) e a extrema superior o valor máis positivo (5) para a resposta a cada pregunta.

Escala:

(NS/NC) *Non sabe, Non contesta*

(1) *Moi insatisfactorio*

(2) *Insatisfactorio*

(3) *Aceptable*

(4) *Satisfactorio*

(5) *Moi satisfactorio.*

O valor medio da escala é, por tanto, o (3) *Aceptable*.

Ademais, os cuestionarios conteñen preguntas sobre aspectos **cualitativos**, que permiten respostas abertas.

- **Referencias comparativas**

Non determinadas.

- **Modo de presentación dos resultados**

Cada centro / titulación elaborará os informes de resultados a partir dos datos recollidos na sesión.

Os resultados preséntanse a través dun informe de resultados por titulación, que contén información integrada dos resultados de participación e satisfacción para cada titulación.

Modo de difusión:

Os informes de resultados están dirixidos, en 1º termo, aos decanos/as e directores/as dos centros, aos coordinadores/as de calidade e aos coordinadores das titulacións oficiais.

Ademais, a difusión debe estar dirixida tamén, polo menos, aos grupos de interés que avaliaron (empregadores/as).

- **Outros**

Os equipos de dirección dos centros realizarán a selección da mostra en colaboración cos responsables das titulacións do centro.

| Elaboración (responsable da actividade de avaliación) | Validación      |
|---|-----------------|
| Data e sinatura                                       | Data e sinatura |